Smart P. E.

Guía didáctica

Lino Domínguez Rodríguez

Curso 2019-2020

Introdución:

Este recurso foi deseñado para ser utilizado na área de Educación Física, nos niveis de 5º e 6º de Educación primaria. Esta secuencia didáctica está organizada para ser realizada durante a realización práctica das diferentes unidades didácticas. A través desta secuencia, preténdese que o alumnado comprenda e practique, dun xeito máis lúdico, o vocabulario que se emprega nas sesións de Educación Física bilingüe.

Obxectivos:

Segundo os obxectivos establecidos no Decreto 105/2014 polo que se establece o currículum para a etapa de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a través deste recurso didáctico o alumnado desenvolverá os seguintes obxectivos:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Aspectos curriculares:

- **Contidos:**

Seguindo a LOMCE (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa), na área de Educación Física temos 6 bloques de contidos a traballar, que son:

- Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física.
- Bloque 2. O corpo: Imaxe e percepción.
- Bloque 3. Habilidades motrices.
- Bloque 4. Actividades físicas artístico expresivas.
- Bloque 5. Actividade física e saúde.
- Bloque 6. Os xogos e as actividades deportivas.

A través deste proxecto, imos traballar indirectamente contidos relacionados con tódolos bloques de contidos, aínda que de maneira máis específica desenvolveremos os seguintes contidos do bloque 1:

1. **B 1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información relacionada coa área.**
2. **B 1.6. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.**

- **Competencias clave:**

O sistema educativo español presenta sete competencias clave, das cales, neste proxecto imos desenvolver as seguintes:

1. **Competencia Dixital**: implica un uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzar os obxetivos de aprendizaxe que se establezan. Coa introducción das novas tecnoloxías na Educación Física, podemos innovar nos contidos e na forma de ensinar a materia, aportando numerosos beneficios, tanto ao profesor como ao alumnado.
2. **Competencia en Comunicación Lingüística**: ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que recibe e produce mensaxes, incluso nunha lingua extranxeira. Dentro da área de Educación Física, este proxecto contribúe á adquisición de esta competencia traballando con vocabulario específico en lingua inglesa, facendo que o alumnado comprenda e exprese tanto por escrito como de forma oral.
3. **Aprender a aprender**: implica a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere curiosidade e necesidade de aprender, sentíndose o alumnado protagonista do proceso. Con este proxecto, preténdese xerar unha motivación cara á aprendizaxe de Educación Física nunha lingua extranxeira e que esta motivación lles permita abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

- **Estándares de aprendizaxe:**

A través deste proxecto preténdese por un lado facilitar a consecución de diversos estándares de aprendizaxe que se van a traballar na práctica, e por outro lado avaliar o estándar de aprendizaxe EFB 1.2.1.:

"Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita".

Metodoloxía e orientacións didácticas:

A Educación Física na etapa de primaria debe estar baseada exclusivamente na práctica, e por esta razón non podemos pararnos demasiado tempo á hora de afondar no vocabulario específico en lingua inglesa das diferentes unidades didácticas a desenvolver. Con este proxecto pretendo que o alumnado poida acceder en todo momento aos contidos que están a traballar de maneira práctica nas sesións, para desta forma favorecer non só a correcta dinámica das mesmas, senón tamén a adquisición de vocabulario noutra lingua dunha forma lúdica e amena. Por outra banda, o alumnado dispón de información teórica permanentemente a súa disposición, información necesaria para a correcta dinámica das sesións de Educación Física.

Os diferentes temas iranse realizando a medida que vaia avanzando o curso para non saturar ao alumnado, así ao mesmo tempo que se realizan as sesións prácticas, o alumnado deberá ir realizando as diferentes tarefas desa unidade didáctica.

Con respecto á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, dicir que este recurso é aberto, é dicir, posúe a característica de ser modificable, de xeito que o docente pode adaptalo segundo as necesidades do alumnado. O carácter multimedia facilita a comprensión dos contidos ao estimular varios sentidos á vez.

Actividades:

O proxecto foi realizado co eXelearning, onde o alumnado pode ver o índice de tódolos temas a tratar. En cada unha das unidades didácticas, o alumnado atópase con información relevante dese tema, acceso a vídeos, fotos,... para así favorecer a súa comprensión do tema a tratar e facelo máis motivante e ameno. Ademáis, realizarán actividades interactivas elaboradas con Ardora ou eXelearning, para de esta maneira, traballar a correcta comprensión de todo o material traballado anteriormente.
Como é un recurso aberto, posteriormente iránse engadindo novas unidades didácticas.

Recursos de avaliación:

A avaliación global dun recurso educativo representa a percepción de utilidade nun contexto educativo, de forma que a valoración que se realiza, representa unha apreciación do seu potencial aproveitamento con fins educativos.
Este proxecto debe ser avaliado en diferentes aspectos:

- CALIDADE DOS CONTIDOS: contidos sen erros ou omisións, enunciados comprensibles e lóxicos, información con énfase en puntos clave.
- MOTIVACIÓN: capacidade de motivar e xerar interese no tema que se presenta (moi importante).
- DESEÑO E USABILIDADE: intuitivo, intruccións claras, navegación fácil e áxil, comportamento predecible.
- ACCESIBILIDADE: adaptación ao alumnado con dificultades, acceso a través de dispositivos móviles.

- VALOR EDUCATIVO: xera aprendizaxes, presenta información clara e precisa incluíndo exemplos ou demostracións do uso do recurso, o autor inclúe referencias a fontes de información diversas evitando informacións sesgadas

Con respecto ao alumnado, soamente será avaliada de forma directa a súa participación activa nas diferentes unidades didácticas, como establece o criterio de avaliación B1.2.: **"Extraer e elaborar información relacionada cos temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área"** e o seu respectivo estándar de aprendizaxe EFB 1.2.1. **"Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita".**

Para avaliar este estándar empregarase a seguinte escala de observación:

ESTANDAR/NIVEL	4	3	2	1
EFB 1.2.1 Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita	Participa nas distintas unidades didácticas superando sen dificultade as diferentes actividades, e comprende perfetamente na práctica as instrucións dadas en lingua inglesa.	Participa nas distintas unidades didácticas superando con certa dificultade as diferentes actividades, e comprende con algunha dificultade na práctica as instrucións dadas en lingua inglesa.	Participa nas distintas unidades didácticas superando con moita dificultade as diferentes actividades, e comprende con dificultade na práctica as instrucións dadas en lingua inglesa.	Non participa nas distintas unidades didácticas e non comprende na práctica as instrucións dadas en lingua inglesa.

Alén diso, o alumnado traballará diferentes contidos recollidos na LOMCE de forma teórica de cada unha das diferentes unidades didácticas realizadas ao longo do curso, coñecemento que deberá demostrar nas sesións prácticas, momento en que deberá ser avaliado ben de forma teórica ou práctica empregando diferentes procedementos de avaliación (intercambios orais co alumnado, observación sistemática, análise das producións do alumnado,...) con diferentes instrumentos (rexistro anecdótico, escalas de observación,...).

Temporalización:

Esta secuencia didáctica está pensada para desenvolverse durante o primeiro trimestre, e poderá ser implementada con novas unidades didácticas para o resto do curso.

Recursos:

• RECURSOS DIXITAIS: ordenador con acceso a internet. Para levar a cabo as diferentes actividades, cada alumno debe ter un ordenador e acceso á rede na súa casa ou biblioteca.

Este traballo está realizado baixo unha licencia de Creative Commons Attribution-NonCommercial-ShareAlike 4.0 International License

Lino Domínguez Rodríguez

Smart P.E., recurso educativo para a Xunta de Galicia